

ACTIVIDADE DE TRATAMENTO	Xestión académica
Responsable do Tratamento	Universidade de Vigo - CIF Q8650002B Campus universitario Lagoas-Marcosende s/n Edificio Exeria 36310 Vigo (Pontevedra) +34 986 812 000 informacion@uvigo.gal https://www.uvigo.gal/
Delegada de Protección de Datos	Ana Garriga Domínguez Facultade de Dereito Campus universitario As Lagoas s/n 32004 Ourense +34 988 368 834 dpd@uvigo.gal
Finalidade	Xestión académica e administrativa dos estudantes ao longo de todo o ciclo académico en calquera das titulacións oficiais (grao, máster e doutoramento), formación permanente, títulos propios e outras actividades académicas ofrecidas pola Universidade de Vigo. En xeral desde o acceso á emisión de títulos oficiais, títulos propios e outros títulos académicos.
Lexitimación	Regulamento xeral de protección de datos: artigo 6.1.c) Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. Regulamento xeral de protección de datos: artigo 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades. Lei 6/2013, de 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia. Estatutos da Universidade de Vigo. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Real Decreto 1393/2007 polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
Interesados	Estudantes matriculados na Universidade de Vigo en calquera das súas titulacións e ciclos, estudos propios ou inscritos nos seus servizos. Solicitantes.
Categorías de datos	Datos de identidade: nome e apelidos, DNI/NIF, enderezo postal, enderezo electrónico, teléfono, sinatura, sinatura electrónica Características persoais: sexo, idade, data e lugar de nacemento e datos familiares, circunstancias sociais e familiares Datos académicos e profesionais: titulacións, formación e experiencia persoal.

	<p>Datos económicos e financeiros: renda familiar, datos bancarios</p> <p>Categorías especiais de datos: datos de saúde</p> <p>Outros datos: infraccións administrativas</p>
Destinatarios	<p>Os datos so serán cedidos nos casos previstos legalmente cando sexa necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento.</p> <p>Os datos serán cedidos a outras administracións e organismos públicos para o exercicio das competencias que lles sexan propias e compatibles coas finalidades enunciadas.</p> <p>Por exemplo: Ministerios con competencias en educación e ciencia, Consellerías da Xunta de Galicia con competencias en educación, outras administracións, servizos de xestión académica doutras universidades ou centros formativos equivalentes</p>
Transferencias internacionais previstas	Non se prevén
Prazo de supresión	Consérvanse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento de datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivo e documentación.
Medidas de seguridade	É de aplicación o disposto no RD 3/2010, de 8 de xaneiro polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica.
Estrutura responsable da xestión da actividade de tratamento	<p>Servizo de grao Edificio Exeria Campus universitario Lagoas-Marcosende 36310 Vigo (Pontevedra) +34 986 813 607 soporte.grao@uvigo.es</p> <p>Servizo de posgrao Edificio Filomena Dato Campus universitario Lagoas-Marcosende 36310 Vigo (Pontevedra) +34 986 811 950 posgrao@uvigo.es</p> <p>Servizo de extensión universitaria e Sección de información ao estudante Edificio Miralles Campus universitario Lagoas-Marcosende 36310 Vigo (Pontevedra) +34 986 813 626 / 812 693 extension@uvigo.es sie@uvigo.es</p> <p>https://www.uvigo.gal/perfil-estudantes https://www.uvigo.gal/estudar</p>

